

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Participación

Anuncio de aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol

Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica

Anuncio da aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol

O Excmo. Concello Pleno, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2018, acordou a aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, sométese a información pública por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinala e presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas. O texto íntegro da ordenanza poderase consultar durante este período no taboleiro de anuncios da sede electrónica da web municipal (<https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios>), no negociado de Participación Cidadá ou ben no taboleiro de edictos sito no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol.

De acordo co disposto no apartado c) do artigo 49 da Lei 7/1985, no suposto de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Ferrol, 26 de decembro de 2018

O concelleiro delegado da área de Participación, Seguridade e Tráfico,

Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica

(PD. Resolución da Alcaldía de data 11/10/2016).

(BOP nº 199, do 20/10/2016)

Asdo.: Álvaro Montes Celeiro

2018/9712